

XEFATURA

XERENCIA MUNICIPAL DE
URBANISMO

CONCELLO
DE VIGO



EXPTE 1078/400

ORDE DE SERVIZO Nº 1/2023 RELATIVA Ó PRAZO DE VIXENCIA DO IOP

Co obxecto de clarificar as dúbidas que puideran xurdir nesta Xerencia Municipal de Urbanismo relativas ó prazo da vixencia do Instrumento de Ordenación Provisional aprobado definitivamente na sesión extraordinaria do Pleno do 24.07.2019 e publicado no BOP de 20.09.2019, redáctase a presente Orde de Servizo que deberá ser cumprida polo persoal deste Organismo Autónomo co fin de evitar posibles discrepancias.

A Lei 2/2017 de 8 de febreiro de medidas fiscais, administrativas e de ordenación, publicada no DOG núm 28 de 9.02.2017 e no BOE núm 83 de 7.04.2017, regula no seu título IV o relativo ás medidas provisionais de ordenación urbanística outorgando ós concellos a potestade de aprobar este instrumento provisional.

O artigo 87.2, literalmente sinala o cómputo de prazos que deberán ser cumpridos tanto en canto a sua aprobación coma en relación á duración do citado instrumento.

O Secretario Xeral do Concello de Vigo, emite informe en data 23.01.2023 no que, en relación ó alcance temporal da vixencia e en base aos fundamentos legais que considerou de aplicación, manifesta que o prazo de vixencia do IOP conclúe o día 18 de maio do corrente

Por todo o enriba exposto, e no exercicio das competencias que atribúe o artigo 6 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público e o artigo 12.1 dos Estatutos da Xerencia, fórmulase a seguinte

ORDE DE SERVIZO

PRIMEIRO.- Á vista do informe do Secretario do Concello de Vigo de data 23.01.2023, o prazo de vixencia do IOP alcanzará, en todo caso, hasta o vindeiro 18.05.2023; sen perxuízo das posibles propostas de suspensión e/ou ampliación a que puidera haber lugar, de conformidade con dito informe.

SEGUNDO.- Dar traslado da presente Orde de Servizo o persoal da XMU para o seu coñecemento e aplicación.

Na data da sinatura dixital,

O XERENTE

Carlos Hernández Figueruelo